

- **Cunca fluvial ou hidrográfica** é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-. Un exemplo de cunca moi caudalosa sería a do Miño-Sil cun réxime pluvial oceánico.

-**Estiaxe** é o **caudal mínimo** que acada un río ou lagoa en determinadas épocas do ano, debido especificamente á seca. O termo deriva de estío ou verán, período do ano en que se producen as mínimas precipitacións no clima mediterráneo, predominante na Península Ibérica. A estiaxe está asociada non só ao déficit de precipitacións, senón tamén ao incremento da evapotranspiración por elevación das temperaturas medias. En España, os estiaxes son especialmente acusados nos ríos mediterráneos da metade meridional da Península.

- **Marisma:** Terreo pantanoso, de auga salgada, situado nas proximidades da costa, case sempre próximo ás desembocaduras de ríos onde adoitan inundarse con augas doces e mariñas, que ao mesturarse producen auga salobre. Constitúen ecosistema húmido con plantas herbáceas que medran na auga. Habitualmente aparece separada do mar por medio dunha **restinga** ou **cordón litoral**. Un exemplo en España serían as marismas do Guadalquivir.

- **Vexetación clímax**, *natural* ou *climácica* é a vexetación que se ten establecido por si mesma nun determinado ambiente, cunhas determinadas condicións climáticas, sen intervención da man do home; é, polo tanto, unha vexetación en estado de equilibrio dun ecosistema local, a que medra de xeito espontáneo sen intervención antrópica. Hoxe en día, por mor das repoboacións forestais e outros mecanismos da silvicultura, está en retroceso en todos os ecosistemas do planeta.

- **Vexetación antrópica.**- Vexetación introducida polo home nun espazo determinado da biosfera polo seu valor económico ou pola degradación da cuberta vexetal existente. Tamén se denomina secundaria. Un exemplo sería a repoboación de piñeiros e eucaliptos na paisaxe vexetal de clima oceánico.

- **Laurisilva.**- Bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores -algunhas perennifolias, de grande altura-, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

- **Landa.**- Formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os 3 m de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.

- **Maquis:** é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que acostuma refuxiarse sobre solos silíceos. Os érbedos, as xaras, as uces, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.